

Despois dun parón de máis de dous anos, que posiblemente non tivese que ter acontecido, chega de novo ao público -en versión xa adaptada á nova normativa da lingua galega aprobada pola RAG no ano 2003- o *Manual e exercicios de galego urxente*, desta vez unidos os dous libros que antes se publicaban por separado (manual e exercicios).

Desde que saíu, no ano 1987, o éxito do manual, xunto co libro de exercicios, foi indiscutible, chegando mesmo a se converter nun clásico do ensino do galego e dos cursiños de iniciación e perfeccionamento, como así o deixan ben patente as máis de trece edicións e os case corenta mil exemplares vendidos, que veñen dando moitos máis miles de persoas que se achegaron á nosa lingua ou á súa codificación da man destas obras das que son autores os máis que coñecidos profesores Xosé Ramón

Un manual clásico

Leccións de galego urxente



XOSÉ FEIXÓ

Pena e Manuel Rosales, ambos, ademais, prestixiosos estudosos da nosa literatura medieval e contemporánea.

Nesta ocasión decidiron os autores xuntar

nun só volume as partes teórica e práctica co fin de ofrecer aos lectores un mellor aproveitamento e un máis doado manexo de todo o material fornecido.

A primeira parte, o manual propiamente dito, está dividida en cinco partes: Ortografía e Morfosintaxe, Léxico, Topónimos e Xentilicios frecuentes e dúbidosos, Locucións Latinas de uso frecuente, e tres Apéndices (Palabras de ortografía dúbida, Usos do signo de puntuación e Paradigmas gramaticais). A didacticidade, a claridade expositiva, a

sinopse certa e a facilidade e a rapidez de consulta que ofrece, convérteno nun verdadeiro e sinxelo vademecum co que saír do paso na maioría de consultas e dúbidas que poidan ter a maior parte dos usuarios da lingua.

A segunda parte, a dos exercicios, divídese en cinco epígrafes (Ortografía, Morfosintaxe, Léxico-semántica, Expresións e Pasatempos), estando estes pensados para que mediante a práctica se corrobore a aprendizaxe obtida, no último dos casos dun xeito moi ameno e acompañado dun solucionario para facer as comprobacións pertinentes.

Desexamos, pois, para este libro nesta nova andaina, pois meréceo, o mesmo éxito na formación lingüística das novas xeracións que o que tivo na de xeracións pasadas.

PENA, X. Ramón e ROSALES, Manuel, Manual e exercicios de galego urxente, Ed. Xerais, Vigo, 2006, 185 páxinas

